

NOTA INFORMATIVA

Queremos informar a todas as familias, que o día 19 de decembro, dende a Consellería de Sanidade, a través dos rastrexadores, puxéronse en contacto con vostedes, para aplicar o protocolo antiCOVID, posto que se detectou un caso positivo no centro, e cómo deberían actuar para os días que restan de clase antes das vacacións do nadal, 20 e 21. No día de onte enviouse ás familias do alumnado de 1º e 2º ESO, unha nota indicando que as actividades programadas para os días 20 e 21, levaríanse adiante, precisamente porque a Consellería, previa consulta, nos dixo que non había ningún problema sempre e cando se respetaran as medidas de seguridade. **Dende o CPI As Revoltas, seguíronse en todo momento as indicacións ditadas pola Consellería de Sanidade,** uso de máscaras, distancia de seguridade, vacinación..., para que se podan impartir as clases do xeito máis seguro posible, e que **en ningún momento se tomou ningunha decisión sen consultar.** Somos coñecedores de que a algunhas das familias chamáronnas varias veces, a outras déronlle unhas pautas a seguir totalmente contrarias ás que se lle deu ao centro, a outras déronlle información confidencial, o cal é moi grave.

Sentimos enormemente a confusión orixinada, polos propios rastrexadores, e insistimos en que en ningún momento, o centro, tomou ningunha decisión de “motu proprio” e se actuou sempre seguindo as directrices ordeadas pola Consellería. Ante a confusión orixinada, a dirección do centro, para evitar problemas maiores, suspende todas as actividades que estaban programadas para os grupos de 1º e 2º da ESO, estos dous días, 20 e 21. O alumnado de infantil e primaria non se ve afectado, polo que pode participar en todas as actividades e o alumnado de 3º e 4º da ESO, ao non ser grupos de contacto coa persoa afectada, participarán nas actividades do día 21.

Atte., A dirección